

*Orde do 19 de maio de 2003 pola que se determinan os currículos e estrutura do bacharelato sobre os que versarán as probas de acceso á universidade a partir do ano académico 2003-2004.*

O Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 28 determina que o alumnado que, ó remata-lo segundo curso de bacharelato, fora avaliado negativamente en tres ou menos materias de bacharelato terá que cursar unicamente estas materias.

Como consecuencia da modificación introducida polo Real decreto 3474/2000, do 29 de decembro, o citado Decreto 275/1994 foi modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo, corrección de erros no DOG do 5 de novembro).

A disposición transitoria única do Decreto 231/2002 establece, en correspondencia coa disposición transitoria única do Real decreto 3474/2000, que a citada modificación do currículo entrará en vigor, para o segundo curso de bacharelato, no ano académico 2003-2004.

O Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios, modificado e completado polo Real decreto 990/2000, do 2 de xuño, establece na súa disposición transitoria segunda que ata o curso escolar 2002-2003 os alumnos que superaran o curso de orientación universitaria ou que obtiveran a validación por este dos seus estudos estranxeiros poderán presentarse á proba de aptitude para o acceso a estudos universitarios pola súa normativa específica, e que a partir desa data farano elixindo unha ou dúas das vías previstas por esa norma.

O Real decreto 1025/2002, do 4 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1640/1999, establece na súa disposición transitoria única que durante os cursos académicos 2003-2004 e 2004-2005, os alumnos que cursaran o bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990 de acordo coa estrutura e currículos vixentes con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 3474/2000 poderán presentarse á proba de acceso ós estudos universitarios pola normativa específica anterior á modificada polo Real decreto 1025/2002.

A Orde do 4 de xullo de 2002 (DOG do 29 de xullo) estableceu a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, derrogando a Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño), pola que se establecía a implantación do bacharelato.

A finalidade desta orde é precisa-la aplicación das normas anteriormente citadas para o alumnado que teña superado o bacharelato conforme a estrutura e currículos vixentes con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 3474/2000, ou que teña superado o curso de orientación universitaria.

En consecuencia, en virtude das disposicións derradeira primeira do Decreto 275/1994 e derradeira primeira do Decreto 231/2002, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo 1º.-Alumnado que realice completo o segundo curso de bacharelato a partir do ano académico 2003-2004.

1. O alumnado que a partir do ano académico 2003-2004 inicie os estudos de segundo curso de bacharelato ou repita este curso completo preparará as diferentes materias axustándose ós currículos establecidos no anexo do Decreto 231/2002 (DOG do 15 de xullo) e de acordo coa estrutura do bacharelato establecida na Orde do 4 de xullo de 2002 (DOG do 29 de xullo).

2. As correspondentes probas de acceso a estudos universitarios efectuaranse conforme os currículos e estrutura anteriormente citados, así como ás vías de acceso establecidas polo Real decreto 1025/2002 e que se recollen no anexo I.

Artigo 2º.-Alumnado que repita segundo curso con tres ou menos materias.

1. O alumnado que no ano académico 2002-2003 ou anteriores seguira ensinanzas de segundo curso do bacharelato e que nos anos académicos 2003-2004 e 2004-2005 repita con tres ou menos materias, cursará estas últimas segundo os currículos establecidos no anexo do Decreto 231/2002 (DOG do 15 de xullo), agás no caso da materia de historia da filosofía, que se axustará ó currículo publicado no DOG do 31 de agosto de 1994, vixente ata a entrada en vigor do Real decreto 3474/2000. Así mesmo, a avaliación das materias pendentes de primeiro curso de bacharelato axustarase ós currículos vixentes ata a entrada en vigor do Real decreto 3474/2000.

2. As correspondentes probas de acceso a estudos universitarios axustaranse ós currículos establecidos no anexo do Decreto 231/2002 (DOG do 15 de xullo) no caso das materias que o alumno superara nos anos académicos 2003-2004 ou posteriores, e ós publicados no anexo do Decreto 275/1994 (DOG do 31 de agosto) no caso das materias que o alumno superara no ano académico 2002-2003 ou anteriores, así como no caso da materia de historia da filosofía.

Así mesmo, esas probas efectuaranse conforme a estrutura do bacharelato que foi establecida na Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño), así como ás vías de acceso establecidas no artigo 8.4º do Real decreto 1640/1999 vixentes ata a entrada en vigor do Real decreto 1025/2002 e que se recollen no anexo II.

Artigo 3º.-Alumnado que supere o bacharelato no ano académico 2002-2003 ou anteriores.

O alumnado que supere o bacharelato regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, xeral de ordenación do sistema educativo, no ano académico 2002-2003 ou anteriores e que se presente ás probas

de acceso á universidade nas convocatorias correspondentes ós anos académicos 2003-2004 e 2004-2005, farao conforme ós currículos publicados no anexo do Decreto 275/1994 (DOG do 31 de agosto), a estrutura do bacharelato que foi establecida na Orde do 18 de maio de 2000 (DOG do 1 de xuño), así como ás vías de acceso establecidas no artigo 8.4º do Real decreto 1640/1999 vixentes ata a entrada en vigor do Real decreto 1025/2002, e que se recollen no anexo II.

Artigo 4º.-Alumnado que teña superado o curso de orientación universitaria.

O alumnado que teña superado o curso de orientación universitaria poderase presentar ás probas de acceso á universidade do curso 2003-2004 e seguintes nas mesmas condicións que se recollen no artigo 1º desta orde.

Este alumnado elixirá unha ou dúas das vías de acceso establecidas no número 4º do artigo 8 do Real decreto 1640/1999, coa modificación establecida polo Real decreto 1025/2002 e que se recollen no anexo I.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-O disposto nesta orde será de aplicación ó alumnado de bacharelato nas diferentes modalidades da educación de adultos.

Segunda.

1. O alumnado de educación de adultos que no ano académico 2002-2003 ou anteriores seguira ensinanzas de segundo curso de bacharelato por materias, sen telo finalizado, cursará tódalas materias das que se matricule nos anos académicos 2003-2004 e 2004-2005 segundo os currículos establecidos no anexo do Decreto 231/2002 (DOG do 15 de xullo), agás no caso da materia de historia da filosofía, que se axustará ó currículo publicado no DOG do 31 de agosto de 1994, vixente ata a entrada en vigor do Real decreto 3474/2000.

2. As correspondentes probas de acceso a estudos universitarios axustaranse ó disposto no punto 2 do artigo 2º da presente orde.

Terceira.-A resolución de calquera situación non prevista nesta orde corresponderá á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa, de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de Universidades para dictar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### *Anexo I*

Vía Científico-Tecnolóxica: matemáticas II e física.  
Vía de Ciencias da Saúde: bioloxía e química.  
Vía de Humanidades: latín e historia da arte.  
Vía de Ciencias Sociais: matemáticas aplicadas ás ciencias sociais e xeografía.  
Vía de Artes: debuxo artístico e historia da arte.

#### *Anexo II*

Vía Científico-Tecnolóxica: matemáticas e física.  
Vía de Ciencias da Saúde: bioloxía e química.  
Vía de Humanidades: latín e historia da filosofía.  
Vía de Ciencias Sociais: matemáticas aplicadas ás ciencias sociais e xeografía.  
Vía de Artes: debuxo artístico e historia da arte.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Resolución do 19 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se designa o tribunal cualificador e se fixan o lugar e a data de realización das probas para a obtención do certificado de capacitación para o adestramento de cans no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Mediante Resolución do 11 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, convócanse as probas para a obtención do certificado de capacitación para o adestramento de cans no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 251, do 30 de decembro de 2002).

Na base sexta da dita resolución establécese que o tribunal cualificador das probas será designado por resolución do director xeral de Conservación da Natureza, que se publicará no DOG. Nesta resolución fixarase, así mesmo, a data e o lugar de realización das probas.

En virtude da citada competencia,

#### **RESOLVO:**

Primeiro.-Proceder ó nomeamento dos membros do tribunal cualificador -titular e suplente- das probas para a obtención do certificado de capacitación para o adestramento de cans no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

Tribunal titular.

Presidente: Francisco García-Bobadilla Prósper, director xeral de Conservación da Natureza.

Secretaria: Marta Muñoz Mendoza, veterinaria adscrita á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Vocais:

Miguel Ángel Alonso Calvo, garda civil pertencente ó Servicio Cinolóxico.